

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 06/02/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

ARGIMIRO SERÉN MERA

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 06/02/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30-ene-2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/0166

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa SL- MARCONSA SL, para o subministro de material para reparación de accesos a bombeos, gabias e tubaxes durante o exercicio 2023, por un importe estimado de 18.136,09 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0246

Dáse conta de escrito presentado por Dona Leticia Gestoso Silva, en relación co mal estado da sinalización das prazas de minusvalidos no Complexo Municipal de Fontecarmoa xa que na actualidade o sinal vertical indica que hay 3 prazas dispoñibles e no chan non se aprecia se hai dúas ou tres xa que están pintadas unhas por encima das outras e crea conflitos a hora de aparcar, tamén dicir que non son suficientes xa que hai mais de 3 persoas discapacitadas en ditas instalacións.

Solicita que de ser posible as pinten correctamente, amplien o número de prazas e que se supervise que se estén utilizando correctamente(sobre todo polas tardes).

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que efectivamente as prazas non se atopan delimitadas con claridade, considerando factible encostar ás tres existentes dúas prazas mais, cara a zona da esquina da piscina.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a realizar a correcta sinalización das prazas existentes, aumentando dúas mais, de conformidade co informe da Policía Local.

Así mesmo indicar, que en relación ás prazas ocupadas indebidamente por persoas sen autorización, cando se dea esa situación, debe poñerse en coñecemento da Policía Local para actuar e denunciar, se procede ao autor da infracción.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

PRP2023/0346

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario para cuña diaria de publicidade no informativo principal "Hora 14 Arosa" de luns a sabados, na emisora Radio Arosa (Cadena Ser) durante o primeiro semestre de 2023, de conformidade co orzamento presentado por Radio Pontevedra, por un prezo para o semestre de 2.400,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0347

Vista a proposta da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario anual conforme ao orzamento presentado por Radio Popular SA - Cadena Cope, por un importe de 4.140,62 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602, que inclúe 395 microespazos a distribuír en tres emisoras (Cope, Rock FM e Cadena 100).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0349

Dáse conta de proposta da Área de Comunicación Social, en relación coa previsión de gasto de publicacións de Cultura para o ano 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados por Gráficas Anduriña SCG, por un importe total de 14.979,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22602, coa seguinte desagregación:

Publicación	Número	Prezo Ud.	Total
Catálogos R. Briones	6 expos. de 300 exemplares	1.542,75 €	9.256,50 €
Polípticos Porg. Cult.	11 meses (fe/dec) 2.500 exemplares	520,30 €	5.723,30 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0350

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización dunha placa para sinalizar a Avda. Doutor Tourón, presentado pola Empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad SL, por un importe total de 287,19 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.22601 para unha placa en metacrilato con fondo gris escuro e letras en branco.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0351

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Atención á Parálise Cerebral e afíns AMENCER, solicitando o repintado da sinalización das reservas para persoas con mobilidade reducida na Rúa Duque de Terranova.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización das prazas citadas.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2023/0312

De acordo coa Orden de 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento de concesión de subvencións a entidades locais de Galicia, e/ou aos seus entes instrumentais, ao obxecto de promover e fomentar unha mellor atención das necesidades básicas das persoas beneficiarias de protección temporal afectadas polo conflito de Ucraia que carezan de recursos suficientes, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en rexime de concorrencia no competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS631F), a Xunta de Goberno Local acorda:

1- Solicitar subvención por importe de 16.808,32 € co seguinte desglose de actuacións, gasto e persoas beneficiarias:

- Servizos de aloxamento e manutención:

1. Aluguer de vivenda temporal como aloxamento alternativo (Airbnb): para unha unidade familiar de 5 membros 1.051,74 euros, facturado a nome da persoa interesada.

2. Aloxamento e manutención en hotel (Hotel Vilagarcía- Turismo na Vila): 7.657 euros, facturado a nome do Concello.

- Axudas económicas:

1. Entrega de tarxetas para compra de alimentación e hixiene (a través das Axudas Municipais de Inclusión Social): 4.200 euros con certificado de aprobación pola Xunta de Goberno Local e xestionadas a través de carga de tarxeta por Caixabank. 26 persoas beneficiarias pertencentes a 8 unidades familiares

2. Axudas para gastos vestiario: 1.358,04 euros con certificado de aprobación pola Xunta de Goberno Local e pago directo á persoa interesada. 15 persoas beneficiarias pertencentes a 4 unidades familiares.

3. Axudas para gastos de aluguer de vivenda e luz, auga e comunidade: a través dos expedientes de Axudas de Inclusión Social: 2.541,54 euros. 13 persoas beneficiarias pertencentes a 2 unidades familiares.

PRP2023/0314

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Arelar Xestión Socioeducativa SL para o desenvolvemento do Proxecto EMPATIZA-Resolución pacífica de conflitos (desenvolvemento integral dos e das nenos e nenas de educación primaria a través de formación para a resolución pacífica de conflitos), por un

importe de 7.380,00 € (IVE excluído), con cargo á partida 231.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0315

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto Teatro-Foro para a abordaxe socioeducativa na adolescencia e a súa adxudicación á Empresa Arelar Xestión Socioeducativa, por un importe de 4.240,00€ (IVE excluído), con cargo á partida 231.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0319

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto Prevención da Adición ao xogo de apostas, e a súa adxudicación á Empresa Arelar Xestión Socioeducativa, por un importe de 2.560,00€ (IVE excluído), con cargo á partida 231.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/0321

Logo da exitosa V edición do Festival Internacional de Música clasclás, que tivo lugar entre o 27 de xuño e o 2 de xullo do ano 2022, a Dirección Técnica do Festival clasclás, a instancias do Concello de Vilagarcía ten elaborado o Proxecto da VI edición do Festival, que terá lugar entre o luns 26 de xuño e o sábado 1 de xullo de 2023 , propoñéndose que a Dirección Artística recaiga novamente no Guarneri Trío de Praga.

O Festival presenta esta VI edición baixo o lema Allegro, ma non troppo que reflicte a consolidación do éxito obtido polo certame ao longo das cinco anteriores edicións, dúas das mesmas celebradas baixo a pandemia do COVID 19.

O clasclás distribuirá a súa actividade da VI edición en catro programas diferenciados:

- Programa Artístico.
- Programa de Masterclasses.
- Programa Social e Comunitario.
- Programa clasclás a pé de rúa.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Proxecto da VI Edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023, que terá lugar entre os días 26 de xuño e o 1 de xullo, baixo a dirección artística do Trío Guarneri de Praga, de conformidade co proxecto presentado.

PRP2023/0356

Dáse conta de publicación no DOG de 12 de xaneiro de 2023, da Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda participar na convocatoria, e en consecuencia, solicitar subvención para dous programas:

Programa A: Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.

Programa B: Subvencións para a mellora de coleccións bibliográficas.

MERCADOS

PRP2023/0355

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mercados en relación coa renovación de autorizacións anuais para o exercicio da venda ambulante, solicitando a documentación que contempla o Regulamento Municipal de Venda Ambulante, así como adomiciliación de taxas segundo a Ordenanza Fiscal, e debido á dificultade para poder notificar a todos os vendedores que exercen a venda no mercado semanal no prazo determinado (do 15 de xaneiro ao 15 de febreiro), a Xunta de Goberno Local acorda ampliar o prazo de presentación da documentación ata o 31 de marzo de 2023, para formalizar a renovación anual de autorizacións e domiciliación de taxas.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2023/0241

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude organiza unha serie de actividades dirixidas á infancia e a realizar dentro do programa de Entroido 2023

Trátase de proporcionar espazos para a conciliación da vida familiar e laboral, así como que os máis novos podan desfrutar de espazos seguros para o ocio e desfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas recreativas e culturais, dirixidas por un equipo educativo que contribúa á canalización das súas inquiredanzas xerando procesos participativos grupais a través de distintas propostas de ocio saudable e participativo.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento por un importe total de 1.445,10 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 2314.22610, no que se inclúe a cantidade estimada de 300 € para premios, así como as seguintes adxudicacións para o desenvolvemento das actividades do Entroido 2023:

- Para a coordinación, monitoraxe e desenvolvemento dos obradoiros, por importe de 540,10 € (ive engadido) Órbita Infantil. CIF: J-15869233. Praza Chavián nº 5, baixo. 15219 Bertamiráns. Ames.
- Para a animación musical da festa infantil, por importe de 605 € (Ive engadido) Carlos Galbán Zaragoza (La Duendeneta). CIF: 35449729J. C) Romero Ortíz, 9. 36600 Vilagarcía de Arousa.

Acórdase así mesmo a colaboración puntual por parte da Policía Local e Protección Civil na supervisión dos eventos.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/0358

Dáse conta do escrito da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), en relación ao cumprimento das condicións da bonificación do canon 2022:

Esta bonificación vincúlase ao cumprimento de dous requisitos básicos: procurar unha redución da xeración de lixo e/ou fomentar a reciclaxe dos envases lixeiros, conforme ás directrices europeas e o modelo de economía circular cara ao que debemos avanzar, así como trasladar esta rebaixa ao recibo da veciñanza en calidade de beneficiaria do servizo.

A esta entidade local estáselle a aplicar, desde o 1 de xaneiro do ao 2022, unha rebaixa de 6,60 €/tonelada + IVE na factura, pasando o canon dos 66,00 €/tonelada + IVE aos 59,40 €/tonelada + IVE.

Para poder ser beneficiarios desta medida, con anterioridade á finalización do mes de febreiro de 2022, deberá presentarse á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., unha certificación emitida polo órgano da entidade local que corresponda, na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que o Concello de Vilagarcía adoptou as seguintes medidas coa finalidade de manter no 2022 o canon bonificado de SOGAMA.

- 1- Na ordenanza reguladora da taxa de recollida de lixo do ano 2022, acordouse trasladar, o importe equivalente ao da bonificación ás persoas beneficiarias do servizo.
- 2- Medidas específicas para o fomento da recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional e fomento de reciclaxe, dos envases lixeiros.

TURISMO

PRP2023/0322

A Deputación Provincial de Pontevedra publicou as BASES PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2023, que se achegan con esta proposta.

Poden solicitar a subvención os concellos que teñan una oficina de información turística adherida á Rede de Oficinas de Turismo Info Rías Baixas, que é o caso de Vilagarcía.

Ademáis por ser Municipio Turístico, a subvención financia a prestación do servizo por parte de dúas persoas. Neste caso, o importe da axuda pode chegar aos 14.000 €, en función do puntuación na que se teñen en conta diferentes criterios dos que o único que non cumpre o Concello é o ter a Q de Calidade Turística.

A subvención financia os custos salariais de persoas empregadas públicas que presten servizos de atención ao público e información e oficinas de turismo. E dicir, non se require a contratación de máis persoal, a subvención pode ser xustificada cos custos salariais das persoas que xa están a prestar ese servizo..

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención para o financiamento dos custos salariais de dúas persoas que presten servizos de atención ao público e información na oficina de Turismo, ao abeiro da citada convocatoria.

PRP2023/0323

Dáse conta de publicación pola Axencia de Turismo de Galicia de Resolución do 28 de decembro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención ao abeiro da citada convocatoria por un importe de 3.000 € con destino á compra de ameixa.
- Aceptar a contribución de ABANCA, por un importe de 1.500 e, mediante a sinatura do correspondente convenio.
- Comprometerse ao financiamento por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa do importe non cuberto pola subvención.

CULTURA

PRP2023/0317

Dáse conta do Convenio de Colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) con C.I.F. Q6550009B e O Concello de Vilagarcía de Arousa, debidamente asinados, para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorio do 1º semestre de 2023, no que se estipulan as condicións do mesmo.

PRIMEIRO: A continuación detallase a programación que este concello de Vilagarcía, ten previsto realizar no primeiro semestre do 2023 así como a aportación establecida (Condición 4º do convenio):

COMPañÍA	ESPECTÁCULO	DATA	HORA	ACEHGA AGADIC	ACHEGA CONCELLO
Ibuprofeno Teatro SL - B94155389)	Smoke on the water	11/02/2023	20:30	2.420,00	2.420,00.
D Ste Xeito Producións Stephanie Maybelle Llaryora (X1889405R)	BACKUP A Resurrección de Nuno	04/03/2023	20:30	2.250,00	2.250,00
Nova Galega de Danza SL (B70342464)	Leira	29/04/2023	20:30	6.691,30	2.867,70
TOTAL				11.361,30	7.537,70

SEGUNDO: O custe total das actividades ascende a un total de 17.918,00 €, que será sufragado integramente polo Concello de Vilagarcía de Arousa en virtude da cláusula segunda b, e previa xustificación correcta ao AGADIC segundo o establecido na cláusula terceira f, esta axencia participará co 50% do gasto proposto, e no caso da Danza do 70% (11.361,30 €), resultando finalmente a participación municipal de 7.537,70 €, con cargo á partida 334.22609.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as actuacións indicadas, así como a aportación municipal.

PRP2023/0318

Vista a solicitude de D. Germán Manuel Torres de Aboal, en representación da Mesa das Verbas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello

dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun recital poético na Casa de Cultura de A Torre.

- Actuación do Grupo Folclórico Mocidade da Torre 83 por un importe de 391,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2023/0342

Dentro da programación do Entroido 2023, celébrase o Festival de Comparsas, que este ano será o vindeiro día 5 de marzo de 2023 no Salón de Actos do Auditorio Municipal, sendo de balde para todo público asistente.

Este festival non ten carácter competitivo, polo que cada unha das Comparsas participante, (un máximo de 10), percibirán unha compensación económica de 300,00€, con cargo á partida 334.48100.

Así mesmo, todos aqueles participantes deberán inscribirse na Concellería de Cultura, na data e horario que se establece nas bases.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación das bases para participar no FESTIVAL DE COMPARSAS 2023, a celebrar o vindeiro día 5 de marzo no Salón de Actos do Auditorio Municipal.

PRP2023/0343

A Concellería de Cultura, dentro das actividades programadas do mes de febreiro, levará a cabo un concerto especial de San Valentín o vindeiro día 10 ás 21:00 hs. no Salón García.

A actuación para este concerto será a cargo da Orquestra de Pulso e Púa xuntamento co Orfeón Voces Graves de Arousa.

A Xunta de Goberno Local acordar a aprobación do gasto para a celebración do Concerto anteriormente indicado, por un importe total de 800,00€ a cargo ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTRA DE PULSO E PÚA "AROUSA", con cargo á partida 334.22609.

A factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2023/0344

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos - Plan Concellos 2022/2023 da Deputación Provincial de Pontevedra para a actividade denominada COMBATE NAVAL, facendo constar:

PRIMEIRO: Que se realizou a actividade de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade

subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame, de se considerar oportuno, os xustificantes correspondentes.

SEGUNDO:O concepto e contía correspondente ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada, é o seguinte:

Nº Fra.	Data	proveedor	cif	Concepto	importe	data de pagamento
Emit.257	24/08/2022	PIROTECNIA PENIDE S.L	B15209430	COMBATE NAVAL 2022	40.998,08 €	02/11/2022

TERCEIRO: o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes: Non se concedeu ningunha outra axuda.

CUARTO:O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma

QUINTO:Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación, a través da páxina web do Concello e da cartelería adxunta, que se achega como medio de acreditación gráfica.

Achégase memoria e dossier explicativo do proxecto executado.

CONTRATACIÓN

PRP2023/0276

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 28 de setembro de 2022, aprobou o proxecto básico e de execución denominado “CONSTRUCION DUN CIRCUITO DE PUMP TRACK NA RUA BUBELA 38 - A COCA” redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Miguel Fiuza Canosa (MOVE Proyectos e Inversiones, S.L.), cun importe de licitación de 48.388,14 € (IVE engadido).

O obxecto do proxecto de referencia é definir e valorar as obras necesarias para a construción dun circuíto de Pump Track na parcela sita na Rúa Florida, polígono 33, parcela 142, na zona denominada A Coca. Desta maneira, búscase poder dotar dun espazo adecuado aos usuarios da modalidade deportiva denominada Pump Track, ante o notable aumento de persoas interesadas na súa práctica que se vén detectando nos últimos tempos en Vilagarcía de Arousa.

Con data 20 de xaneiro de 2023 foi emitida polo servizo de Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, resolución aos efectos de autorizar a actuación proxectada.

Vista a necesidade exposta e a obtención da autorización correspondente, foron solicitadas ofertas a tres provedores, os cales presentaron as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
Serviplus total S.L.	39.852,22€	48.221,19€
J.A. Fariña construcciones y reformas	39.990,00€	48.387,90€
CoinTec S.L.	39.943,16€	48.331,22€

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 48.388,14 € (IVE engadido).

O prazo de execución é de 1 mes e medio.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de obras de “CONSTRUCION DUN CIRCUITO DE PUMP TRACK NA RUA BUBELA 38 - A COCA”, á mercantil Serviplus total S.L. (B70019294), por importe de 39.852,22€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.368,97€ o que totaliza un importe de adxudicación (IVE) engadido de

48.221,19€, por ser a oferta mais vantaxosa para o Concello, con cargo á partida 171.60900.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:35 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.